

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESTUDANTES PARA O CURSO 2016-2017

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS”

O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando que “co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso”.

Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei establece taxativamente que “para garantir a igualdade a todas as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo. Na ensinanza postobrigatoria as becas e axudas ó estudo terán en conta ademais o rendemento escolar do alumnado”.

O acceso ó ensino é un dereito de toda a cidadanía, independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Ao grande esforzo que lle supón ás familias a compra do material escolar, roupa, calzado..., para os seus fillos e fillas, hai que engadirlle os gastos de transporte no ensino postobrigatorio, gastos estes últimos, moi superiores pola nosa condición de concello rural.

O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás familias o ensino dos seus fillos/as. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade.

Xa que logo, desde o Concello de Muras considérase necesaria a creación dun sistema regrado de bolsas escolares para estudantes do noso Concello.

### 1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes Bases regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a estudantes do Concello de Muras para:

- a) Compra de libros e material didáctico complementario para alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria.
- b) Desprazamento aos/ás alumnos/as que cursen estudos de bacharelato e formación profesional fora do termo municipal do Concello de Muras.
- c) Compra de libros e material didáctico, así como gastos de vivenda e transporte para alumnos de estudos universitarios.

O orzamento máximo para as devanditas axudas é de 16.000€ euros con cargo á aplicación 326.48100. dos orzamentos do concello de Muras.

## 2.- BENEFICIARIOS.

2.1.- Teñen a condición de beneficiarios os estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que o estudante estea empadroado no Concello de Muras durante a totalidade do curso lectivo.
- b) No caso de axuda para compra de libros e material didáctico complementario, que o alumno curse estudos de educación infantil en centros situados no Concello de Muras.
- c) No caso de axuda para desprazamentos, que o estudante curse estudos de bacharelato e formación profesional, para os que fora necesario desprazarse fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo
- d) No caso de axuda a estudantes que cursen estudos universitarios, que o estudante estea matriculado en titulacións de estudos oficiais ou propios da Universidade fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo.
- e) No caso de educación postobrigatoria, que os estudantes teñan superado o curso e pasen ao seguinte e no caso de estudantes universitarios que teñan superado o 50% dos créditos das materias nas que se matricularon, sempre e cando a matrícula sexa superior a 48 créditos.
- f) Que o beneficiario non teña axudas ou subvencións pendentes de xustificar ante o Concello de Muras.

Nos supostos dos estudantes que, cumprindo os anteriores requisitos, sexan menores de idade, terá a condición de beneficiario o pai, nai ou titor do mesmo.

2.2.- Os beneficiarios terán as seguintes obrigas ante o Concello de Muras:

- Cumprir a actividade obxecto da subvención
- Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.
- Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

## 3.- SOLICITUDES.

3.1.- As solicitudes para a concesión da presente axuda formalizaranse no modelo de solicitude establecido a tal fin no **ANEXO I** e presentarse no rexistro xeral do Concello e deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI do solicitante e do estudante. Fotocopia compulsada do libro de familia, no caso de que os nenos/as aínda non teñan DNI.
- Certificado de empadramento no Concello de Muras do estudante.

- Fotocopia compulsada da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.
- Certificado ou copia cotexada do expediente académico do curso anterior
- No caso de axudas para compra de libros e material didáctico complementario, factura de compra dos libros e material didáctico na que deberá constar a identificación do solicitante (ou pai/ nai/ titor/ gardador de feito) e o detalle dos libros e material adquirido, expedida cos requisitos previstos no RD 1496/2003, do 28 de novembro, Regulamento de facturación.
- Declaración responsable do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.
- Copia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio presentado de todos os membros da unidade familiar, só no caso dos solicitantes de axudas para estudos universitarios. Nos casos en que non exista obriga de presentar declaración do IRPF, presentarase o certificado de renda emitido pola AEAT. En base aos datos proporcionados nese certificado, deducirase a cantidade correspondente por cónxuxe e/ou por fillos/as sobre os rendementos brutos especificados.
- Datos bancarios do beneficiario para recibir a subvención.

3.2.- O prazo de presentación de solicitudes será de  **vinte días naturais**, contando dende o día seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que irá acompañada de bandos no termo municipal para unha mellor difusión e publicidade da mesma e na páxina web oficial do concello [www.muras.gal](http://www.muras.gal)

#### 4.- PROCEDEMENTO

4.1.- A instrución do procedemento corresponderalle a un traballador do Departamento de Servizos Sociais, que deberá avaliar as solicitudes presentadas e requirir as emendas que procedan para que as mesmas cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases. O prazo de emendas será de dez días improrrogables; no suposto de que os defectos se consideren non emendables, o órgano instrutor proporá a non admisión.

4.2.- Avaliadas as solicitudes polo órgano instrutor, emitirase proposta de resolución por parte da Alcaldía.

4.3.- Contía máxima:

O importe máximo da axuda para cada un dos solicitantes admitidos será:

**-50 euros** de axuda para compra de libros e material didáctico a estudantes de infantil e primaria

**-200 euros** de axuda para compra de libros, material didáctico a estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria.

**-500 euros** de axuda para compra de libros, material didáctico e desprazamentos a estudantes de F.P. e Bacharelato.

-No caso de estudantes Universitarios:

-1.000€ si os ingresos da unidade familiar non son superiores a 3 veces o IPREM

-500€ si os ingresos da unidade familiar quedan entre 3 e 4 veces o IPREM

-250€ si os ingresos da unidade familiar superan 4 veces o IPREM

En caso de que a suma de tódolos importes supere o crédito reservado para tal fin, efectuarase un prorrateo entre tódalas solicitudes.

## 5.- RESOLUCIÓN.

5.1.- O Alcalde, en base á proposta da Concellería correspondente, e previo o informe da Intervención Municipal, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas. A resolución conterá a relación dos beneficiarios e os importes das axudas, así como as solicitudes desestimadas coa motivación que proceda.

5.2.- A notificación da resolución definitiva realizarase antes do remate do curso en vigor. Esta resolución notificarase ós beneficiarios, de acordo co artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. A falta de notificación no prazo establecido lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Asemade, a resolución de concesión publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello.

5.3.- Contra a resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer, de conformidade co preceptuado no artigo 116 da Lei 30/1992, del 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da presente resolución, ou directamente recurso contencioso administrativo ante ao Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acordo.

Todo iso, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime conveniente en defensa dos seus intereses.

## 6.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

6.1.- A xustificación das axudas outorgadas para desprazamentos e vivenda non requirirá máis que da acreditación previa á súa concesión do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2 desta ordenanza.

Tratándose de axudas concedidas para libros e material didáctico a xustificación entenderase realizada coa presentación da factura dos gastos de adquisición dos libros, a unir á solicitude, de acordo co artigo 3 da ordenanza.

A falta de xustificación ou xustificación insuficiente dará lugar á perda do dereito da subvención por parte do beneficiario, polo que procederá a tramitación do reintegro da axuda por parte do órgano concedente e previo o informe da Intervención Municipal.



## ANEXO 1- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

### CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESTUDANTES PARA O CURSO 2016-2017

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Municipio \_\_\_\_\_

Tfno. ou nº móbil \_\_\_\_\_ Enderezo electrónico \_\_\_\_\_

Nome e apelidos da persoa PAI, NAI OU TITOR do alumno(no caso de menores de 18 anos):

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Municipio \_\_\_\_\_

Tfno. ou nº móbil \_\_\_\_\_ Enderezo electrónico \_\_\_\_\_

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Muras para a axuda ao estudo durante o curso 2016-2017, **SOLICITO** ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para:

- a) Compra de libros e material didáctico complementario para alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria.
- b) Desprazamento aos/ás alumnos/as que cursen estudos de bacharelato e formación profesional fora do termo municipal do Concello de Muras.
- c) Compra de libros e material didáctico, así como gastos de vivenda e transporte para alumnos de estudos universitarios.

**NOTA:** Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente a documentación requirida no apartado 3 das bases desta convocatoria.

Muras, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Sinatura do solicitante ou do pai, nai ou titor

**AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS**

6.2.- O aboamento da subvención realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario, no prazo de un mes dende o día seguinte a data da resolución.

## 7.- REINTEGRO

7.1.- Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente
- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda
- Demáis supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións

7.2.- O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

## 8.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións.

Muras, a 9 de novembro de 2016

O ALCALDE.-

ASDO. Manuel Requiejo Arnejo.

